

## Orientacións para a semana do 25 ao 31 de Maio

### LUNS

- **Actividades de lóxica-matemática:**

- Ficha rodea os iguais o modelo e colorea. **(FICHA EN ANEXO)**
- Ficha marca tantos casilleiros como animais atopas. **(FICHA EN ANEXO)**

- **Actividade de lecto-escritura**

-Ficha escribe ti soño. **(FICHA EN ANEXO)**

- **Xogo tabla do 100. Anterior e posterior.**

[http://www.retomates.es/?idw=tt&idJuego=tablaDel100\\_rinconluca](http://www.retomates.es/?idw=tt&idJuego=tablaDel100_rinconluca)

- **Podemos traballar o círculo.** Facendo composicións como esta do exemplo. Partir dun punto e ir facendo círculos concéntricos de diferentes cores. Traballando de este xeito tanto a figura xeométrica como a motricidade fina.



## MARTES

- **Actividades de lóxica-matemática:**

- Ficha realiza as sumas. **(FICHA EN ANEXO)**

- **Actividade de lecto-escritura**

- Ficha rodea o intruso e escribe o seu nome. **(FICHA EN ANEXO)**

- No día de hoxe imos probar a facer o noso propio proxector!! É moi faciliño e moi chulo.

[https://www.instagram.com/p/B\\_WyLXpocJI/?igshid=mo6pkwqudt1t](https://www.instagram.com/p/B_WyLXpocJI/?igshid=mo6pkwqudt1t)

- Esta actividade a podemos facer con coche, coma no debuxo, ou mesmo con outro tipo de material como monecas pequenas, tapóns... O importante é ir numerándoos, primeiro do 1 ao 10, e se somos capaces, continuar ata 20, 30, 40.....



## MÉRCORES

- **Actividades de lóxica-matemática:**

- Ficha observa e memoriza as parellas. **(FICHA EN ANEXO)**

- Ficha rodea os números que indica (unicornios). **(FICHA EN ANEXO)**

- **Actividade de lectoescritura: (FICHA EN ANEXO).**

- Ficha PALABRA SECRETA. **(FICHA EN ANEXO)**

- **Experimento remuíño de auga.** Podedes botarlle colorante e queda máis vistoso.

<https://www.youtube.com/watch?v=BKWOihdkn7Q>



- **Coa seguinte actividade** traballamos a lectoescritura e a motricidade fina ao mesmo tempo. Poñemos na parte de arriba a palabra que queiramos, e despois temos que ir unindo as letras que a compoñen.



## XOVES

- **Actividades de lóxica-matemática:**

- Ficha completa as formas. **(FICHA EN ANEXO)**.
- Ficha une coa súa forma. **(FICHA EN ANEXO)**.

- **Actividade de lectoescritura:**

- Ficha escribe ti soño. **(FICHA EN ANEXO)**.

- **Xogo palilleando ABN**

[http://www.retomates.es/?idw=tt&idJuego=palilleandoLite\\_rinconluc](http://www.retomates.es/?idw=tt&idJuego=palilleandoLite_rinconluc)  
[a](#)

- **Nesta actividade** imos compoñer diferentes figuras xeométricas axudándonos de paus pequiños ou fídeos por exemplo. Podemos facelo sobre un folio de cor ou unha superficie de cor para que se vexa mellor a composición.



## VENRES

- **Actividades de lóxica matemática:**
  - Ficha o xogo do dominó. **(FICHA EN ANEXO)**
- **Actividade de lectoescritura:**
  - Ficha palabra secreta. Pon a letra que indica cada debuxo e le o resultado. **(FICHA EN ANEXO)**

Como é venres, imos retomar o **Proxecto de Exipto.**

**Vemos os seguintes vídeos:**

VIDEO EXIPCIOS ARTESANS

<https://www.youtube.com/watch?v=VpxdwguI06I>

VIDEO DOS OBREROS EXIPCIOS

<https://www.youtube.com/watch?v=s0k9hXSF6Ug>

VIDEO DA ALFARERÍA EXIPCIA

<https://www.youtube.com/watch?v=0u4quwzZTGo>

Os deixamos a seguinte ficha sobre os principais amuletos do faraón: **(FICHA EN ANEXO)**



**IMPORTANTE:** Como xa sabedes o método de **lectoescritura** que empregamos é o fonético, por iso os nenos e nenas coñecen as letras polo seu son, non polo seu nome. Por iso para eles vailles ser máis doado que na casa sigades este método que empregamos na escola.

Por outro lado, para traballar a **lóxica- matemática** empregamos o Método ABN. Este é totalmente manipulativo e por iso, antes de facer unha ficha no papel, os nenos/as deben manipular, xuntar, separar... obxectos (garabanzos, macarróns, pinturas...) que representen esas cantidades. Repetirémolo tantas veces coma sexa necesario. Cando vexades que o comprenderon, é o momento de plasmalo no papel, nunca antes. Para calquera dúbida, sempre podedes poñervos en contacto coas mestras mediante o correo electrónico.

**TODOS OS DÍAS** é fundamental ler un conto e facer actividades a través del: preguntas de comprensión, inventar un final, facer un debuxo relativo ao mesmo,

escribir o título, reler o conto metendo errores a ver se os nenos e as nenas danse conta.

**Durante esta semana**, podemos facer a lectura do conto “Inés del revés”. (**CONTO EN ANEXO**).